



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 19)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e un de maio de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, a Sra. Deputada D^a M^a. del Pilar García Porto e o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de maio de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A MODERNIZACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO CPD DE RESPALDO E O MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE CPDS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos para a modernización e actualización do CPD de respaldo e o mantemento da infraestrutura de CPDS da Deputación de Lugo.2021/CON_02/000024, consta no mesmo:

Providencia de inicio, con CSV: IV7HGOS3YEJSXPUD6QEC65ZHL4.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EULRC35WD3SG6UEMN77QRKM.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EWGIIH4ZOJJO2YQOB537PN4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EULRCB376RTGTVX5NLZBSGM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV



Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7EWGZPMFZOR2G6Q7YV4TSUD4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos para a modernización e actualización do CPD de respaldo e o mantemento da infraestrutura de CPDS da Deputación de Lugo, 2021/CON_02/000024.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e celeridade na contratación da servizo.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 165.289,26 € ao que se aplicará un IVE (21%) dun total de 34.710,74 €,a o que fai un total de

200.000,00 €. Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9200.62655 do orzamento de gastos do 2021 por ese importe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GAS PROPANO CON DESTINO AOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de gas propano con destino aos centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo, 2021/CON_02/000017, consta no mesmo:

Anuncio Previo enviado a través da Plataforma de Contratos do Sector Público en data 12 de marzo de 2021.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7EVUBYLL7NZ3R5SA6AEJ37AE¹.

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV IV7EW6R3Z4ZOTGHYYIENLZBBNY.

Memoria xustificativa, elaborada pola Sección de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7EW6RZBARP6RGPXTXH4FP7AY.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EWGA7JUXJRH7ZTQNUM5AFMM.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7EWGL2L3736SBO7TXGG7RCNY.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EWGLZFUGC57J6BQGCKABQJY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EWGJ6F7UI7VM4CTYV6AYHAQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de gas propano con destino aos centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo, 2021/CON_02/000017, cunha duración ata o día 31 de maio de 2022.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do

contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 109.225,13 € ao que se aplicará un IVE do 21% 22.937,28 €, o que fai un total de 132.162,41 €. de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, de acordo coas seguintes anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL CONT.	2021	RC/21	2022	RC/22	MANTEMENTO	APLICACIÓN	RC/22
CAM TRABADA	2315.22102	17.332,78	7.356,80	22021/13522	9.196,00	220219/210	779,98	2315.212	220219/222
CAM POL	2315.22102	18.416,08	7.816,60	22021/13524	9.770,75	220219/214	828,73	2315.212	220219/224
CAM A FONSA BRADA	2315.22102	20.582,66	8.736,20	22021/13528	10.920,25	220219/213	926,21	2315.212	220219/226
CAM PEDRAFITA	2315.22102	20.582,66	8.736,20	22021/13530	10.920,25	220219/216	926,21	2315.212	220219/228
CAM CATROVERDE	2315.22102	18.416,08	7.816,60	22021/13532	9.770,75	220219/218	828,73	2315.212	220219/230
CAM NAVIA	2315.22102	18.416,08	7.816,60	22021/13533	9.770,75	220219/219	828,73	2315.212	220219/232
CAM RIBAS DE SIL	2315.22102	18.416,08	7.816,60	22021/13534	9.770,75	220219/220	828,73	2315.212	220219/234
SUMA		132.162,41	56.095,60		70.119,50		5.947,31		

Existe consignación nas aplicación orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 56.095,60 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmpanse os requisitos 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL DOS TÉCNICOS AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de maio de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato e necesidade da contratación, con CSV: IV7HTUP2P5H256PI2UQGAZI76I.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7HTUP5BZFZJ26C4MF4AF2VB4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7H4QBPPE4M76R6QLXFKTYUL4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H4XP3DRJO5CN2ZRVXINAHEI.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H4XT3CFBZ7LXS6UQME3QDMY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7H43KSDZPS3WFMAXVCCQCAOY.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7H43XSLJF4Z7EDYIONMZCAKM.

Acordo da Xunta de Goberno de data 06 de febreiro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H4EINNP56TFEKSIEE54BTAI.

Acta da Mesa de contratación do día 17 de marzo de 2021, con CSV: IV7H7XY7DMW2JSU2BRNN4AYWD4, na que se recolle o seguinte:

Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente á documentación administrativa (sobre A).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

1.- MUSAAT, prima de seguro a prima fija.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación que téndose comprobado con carácter previo á constitución da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada pola licitadora MUSAAT, prima de seguro a prima fija, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliados de forma automática, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.-Apertura e valoración de oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente (sobre B).

Acto seguido procédese ao exame do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

Licitadora:MUSAAT, mutua de seguros a prima fija

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO
1.-Rebaixa da prima ofertada (MÁX. 50 PUNTOS). **Oferta incurso en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo se está por debaixo de 18.509,53 euros.	16.898,58 euros/ano
2.-Ampliación de suma asegurada na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 2.000 € por mensalidade. (15 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas. <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas.
3.-Ampliación do período de indemnización na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 18 meses. (25 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas. <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas.
4.-Derrogación da exclusión 8) Danos ocasionados ao patrimonio histórico-artístico. (5 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas. <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas.
5.-Derrogación da exclusión 12) Reclamacións derivadas de danos morais que non transcendan á esfera patrimonial do prexudicado. (5 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas. <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas.



**Parámetros obxectivos para a identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo:

“En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta que estea dentro dos supostos seguintes:

Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

(...)”

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1.- Conceder o trámite de xustificación de oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, á licitadora MUSAAT, prima de seguro a prima fija, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

10.- Acta da Mesa de contratación do día 09 de maio de 2021, con CSV: IV7H7XY7DMW2JSU2BRNN4AYWD4, na que se recolle o seguinte:

Contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo. Expediente nº: EXP2021CON_02/000003.

Xustificación da oferta anormalmente baixa.

Valoración e requerimento de documentación administrativa relativa o art.150 da LCSP.

Primeiro.- Xustificación da oferta anormalmente baixa.

Infórmase á Mesa de que, tal e como acordara na sesión de 17 de marzo de 2021, concedeuse o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles a mercantil MUSAAT, mutua de seguros a prima fija, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

A licitadora presentou no prazo establecido a xustificación, e en base a aportado o servizo de Contratación e Fomento informou o seguinte,:

Informe sobre a xustificación da oferta económica, con CSV: IV7H2XYCZR4JUSPSAQHVGR2WB4.

“Asunto: informe en relación a xustificación da oferta económica presentada por MUSAAT, Mutua de seguros a prima fija.

Antecedentes.

Primeiro.- Reunida con data 17 de marzo de 2021 a Mesa de Contratación co obxecto de proceder á apertura dos criterios avaliados automaticamente, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento de contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo. Expediente nº: EXP2021CON_02/000003, procedeuse á apertura das ofertas presentadas.

Unha vez analizada a única oferta presentada, obsérvase que atópase en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa e, á vista do establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), concédeselle un prazo de 5 días hábiles, para que xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP.



Segundo.- A empresa MUSAAT, Mutua de Seguros a Prima Fija, presentou en prazo a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, a xustificación da posible incursión en baixa anormal ou desproporcionada.

Terceiro.- Visto o informe emitido pola aseguradora MUSAAT, Mutua de Seguros a Prima Fija, en relación á xustificación da oferta presentada para a contratación do seguro de Responsabilidad Civil de dos Técnicos ao servizo da Deputación de Lugo (2021/CON_02/000003), no que fai constar que ao ser unha compañía especialista en seguros de Responsabilidade Civil e de Construción, sendo esta unha rama moi concreta e especializada, permite ofrecer unhas primas moi axustadas e competitivas, estando por baixo dos prezos de mercado resultantes das distintas compañías cunha maior diversificación de carteira e por tanto, de risco.

Cuarto.- Neste senso, consta escrito de data 19 de febrero de 2021 emitido pola Mediadora Artai – Correduría de Seguros S.A., e que forma parte do expediente de contratación, no que informa o seguinte:

“Presupuesto de licitación.

Para llegar al precio de mercado y establecer el presupuesto de licitación se ha estudiado dentro de nuestra labor como corredor de seguros el riesgo en base a los siguientes criterios:

Coberturas del riesgo.

Resultado de los contratos similares en mercado asegurador, lo que nos da orientación de la respuesta de póliza ante las coberturas solicitadas.

Tasas de aplicación al riesgo dentro del mercado asegurador actual (mercado especializado en el riesgo).

Impuestos y recargos correspondientes.

Siniestralidad del contrato que afecta a la situación de mercado actual.

Número de asegurados inicial.

Adicionalmente a estas cuestiones también son determinantes las garantías y exclusiones establecidas en el pliego y especialmente que se establece como mínima la cobertura de reclamaciones de la propia Administración frente a sus técnicos, que es una exclusión propia del mercado asegurador para riesgos de RC Profesional.

En la póliza actual contratada con Musaat para este riesgo establece la cobertura para este tipo de supuestos, pero incluirla en el propio pliego limita la concurrencia y excluye a la mayor parte del mercado asegurador. Para establecer, por tanto, el presupuesto de licitación a precio de mercado, teniendo en cuenta que la exclusión mencionada limita el mercado y por tanto la referencia de mercado para estas coberturas queda restringida, se ha tomado como cálculo base la tasa media de mercado aplicada en el conjunto del mercado asegurador específico (definido anteriormente). Teniendo en cuenta estas cuestiones y limitaciones, el presupuesto de licitación anual se establece en 24.679,37 €- Euros, para los 18 asegurados recogidos en el anexo. En caso de nuevas incorporaciones, la prima variará en la misma proporción.”

Quinto.- A maior abundamento, en orde a xustificar a viabilidade da oferta presentadas pola aseguradora MUSAAT, xúntase a este informe o “Ranking de Total Seguro Directo por Grupos e Entidades”, elaborado cos datos aportados ao Informe N°.1.590: Evolución del Mercado Asegurador. Estadísticas a Septiembre 2019 e publicado pola Asociación ICEA (Investigación Cooperativa entre Entidades Aseguradoras y Fondos de Pensiones), que ten encomendada a función do Servizo de Estudos do Sector Asegurador Español, sendo o organismo encargado de realizar e publicar todas as estadísticas sectoriais.

Neste Ranking aparecen os seguintes datos:

Primas emitidas seguro Directo, Crecimiento; Cuota de mercado e Cuota de mercado acumulado das Entidades Aseguradoras, ocupando o lugar 76 do total das 101 empresas que o conforman o Ranking e que representa o 97,37% das primas do sector.



Fundamentos xurídicos:

Existe un sistema de supervisión pública, fixado no ordenamento xurídico español, a través da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Neste senso, o artigo 1º desa norma en canto ao obxecto e finalidade da Lei, indica que a mesma ten por obxecto a regulación e supervisión da actividade aseguradora e reaseguradora privada, comprendendo as condicións de acceso e exercicio e o réxime de solvencia, saneamento e liquidación das entidades aseguradoras e reaseguradoras, coa finalidade principal de protexer os dereitos dos tomadores, asegurados e beneficiarios, así como de promover a transparencia e o desenvolvemento adecuado da actividade aseguradora.

O artigo 109 da mesma Lei, ocúpase do ámbito subxectivo e obxectivo da supervisión:

“1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerá as súas funcións de supervisión sobre as entidades aseguradoras e reaseguradoras autorizadas para operar en España, incluídas as actividades que realicen a través de sucursais e en réxime de libre prestación de servizos, así como sobre o resto de entidades e suxeitos contemplados no artigo 2.

2. A supervisión consistirá na verificación continua do correcto exercicio da actividade de seguro ou de reaseguro, da situación financeira, das condutas de mercado e do cumprimento da normativa de supervisión por parte das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.”

O Artigo 94, analiza as Pólizas e tarifas:

“1. As tarifas de primas deberán fundamentarse en bases técnicas e en información estatística elaborada de acordo co disposto nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento. Deberán ser suficientes, segundo hipóteses actuariais razoables, para permitir á entidade aseguradora satisfacer o conxunto das obrigacións derivadas dos contratos de seguro e, en particular, constituír as provisiones técnicas adecuadas.

(...)”.

Finalmente o artigo 120, daquela Ley 20/2015, do 14 de xullo, indica que cabe a prohibición de pólizas e tarifas:

“A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá prohibir mediante resolución a utilización das pólizas e tarifas de primas que non cumpran o disposto nos artigos 94 e 95. A estes efectos, instruirase o correspondente procedemento administrativo no que poderá acordarse, como medida provisional, a suspensión da utilización das pólizas ou as tarifas de primas.”

Conclusión:

Polo tanto, a xuízo dos que subscriben este infome e unha vez estudiada a xustificación da oferta económica presentada pola empresa MUSAAT, Mutua de Seguros a Prima Fija, e tendo en conta a obrigatoriedade da entidade aseguradora de estar autorizada pola Dirección General de Seguros para actuar e operar como entidade aseguradora no ramo do contrato ao que se presenta nesta licitación, conclúo que o rexeitamento da referida oferta pode chegar a desvirtuar a propia finalidade da figura das ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que non é outra que, instaurar un mecanismo para rexeitar aquelas ofertas que, contendo valores extraordinariamente baixos, previsiblemente non van poder ser cumpridas adecuadamente pola empresa licitadora. Non existe dato algún que permita intuir un incumprimento desta oferta, polo que considero racional e razoablemente fundada, e conforme a dereito, a exposición por escrito da xustificación da oferta económica presentada pola empresa, e polo tanto e sobre estas premisas considérase xustificada.”

Segundo.- Valoración de criterios avaliados automaticamente e requirimento de documentación administrativa relativa o art.150 da LCSP.

Vistos o informe precedente, non se exclúe a licitadora MUSAAT, Mutua de Seguros a Prima Fija, e procédese á valoración dos criterios avaliados automaticamente.

Licitadora:MUSAAT, mutua de seguros a prima fija



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO	PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa da prima ofertada (MÁX. 50 PUNTOS). **Baixa temeraria se a oferta está por debaixo de 18.509,53 euros.	16.898,58 euros/ano	50 puntos
2.-Ampliación de suma asegurada na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 2.000 € por mensuralidade. (15 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas	0 puntos
3.-Ampliación do período de indemnización na cobertura de inhabilitación para a totalidade da práctica profesional a un máximo de 18 meses. (25 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas. <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas.	0 puntos
4.-Derrogación da exclusión 8) Danos ocasionados ao patrimonio histórico-artístico. (5 PUNTOS)	<input type="checkbox"/> SI accede a incluír esta mellora nas coberturas. <input checked="" type="checkbox"/> NON accede a a incluír esta mellora nas coberturas.	0 puntos
		PUNTUACIÓN TOTAL: 50 PUNTOS

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Asumir como propio o informe realizado polo Servizo de Contratación e Fomentos obre a xustificación da ofertas económica presentadas pola licitadora MUSAAT ao procedemento.

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MUSAAT, Mutua de Seguro a Prima Fija.	50

Requirir á MUSAAT, prima de seguro a prima fija., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Na Mesa de Contratación celebrada o día 03.05.2021, infórmase que MUSAAT, mutua de seguros a prima fija presentou na Plataforma de Contratos do Sector Público, o día 26.04.2021 a documentación relativa ao art.150.2LCSP, e posteriormente, a través da sede electrónica presentou o día 30.4.2021 documentación complementaria.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación obxecto de emenda, entendendo que a restante documentación está presentada correctamente segundo o recollido no art.150.2LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP.

Alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades sometidas a este imposto, en relación coas actividades que se veñan realizando á data de presentación das proposicións que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen. A alta poderá ser acreditada mediante o último recibo ou coa xustificación de alta. A presentación de un dos extremos bastará para acreditar o cumprimento do requisito.

Solvencia económica e financeira: Non acredita o volume anual de negocios do licitador xa que non presenta as contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, dos tres últimos concluídos.(O día 04.05.2021 presenta por sede electrónica as contas anuais do ano 2019 presentadas no Rexistro Mercantil, pero non consta depósito das mesmas).

Certificación acreditativa actualizada de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiones, para o ramo de seguros que contemplan as prestacións fixadas no presente contrato, consonte co establecido no artigo 74 del Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados).

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de maio de 2021, aos efectos de examinar a emenda da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que MUSAAT, mutua de seguros a prima fija presentou a documentación en prazo.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

Presenta a solicitude realizada á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones con data de 04.05.2021 para emisión de certificado actualizado indicando os ramos autorizados no exercicio dos seguros.

Certificación emitido pola AEAT de Alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe IAE: 822.3 - Seguros de danos materiais.



Indicar que dende o servizo de Contratación incorporouse ao expediente unha captura de pantalla onde se amosa que as contas anuais do exercicio 2019 da Aseguradora MUSAAT están depositadas no Rexistro Mercantil.

Visto que o certificado solicitado o día 04.05.2021 á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a data de hoxe aínda non se emitíu, a Mediadora de Seguros, Artai remítenos aos efectos de xustificante de que a Entidade está activa como prestadora de servicios no ramo de Responsabilidade Civil, unha captura de pantalla da propia páxina da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, <http://rrpp.dgsfp.mineco.es/>, na que consta como empresa activa no ramo de Responsabilidad civil general dende o día 11.10.1983 que consta a alta.

A maior abundamento, Artai – Correduría de Seguros S.A. en calidade mediadora de seguros da Diputación Provincial de Lugo, emite o seguinte informe ao respecto:

“La compañía Aseguradora Musaat Mutua de Seguros a Prima Fija ha presentado el certificado de situación en el censo de actividades económicas de la AEAT (Alta en el IAE) y también certificado de estar al corriente de pago en las obligaciones tributarias con la AEAT (confirmación de pago del recibo correspondiente al IAE) como justificación del alta solicitada.

Revisada la documentación aportada, indicamos que es correcta y se corresponde con la solicitud recogida en el PCAP. El Censo de Actividades económicas se corresponde con el objeto del contrato ya que la compañía tributa a través del epígrafe 822.3 del IAE la actividad objeto de contratación en este procedimiento”.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a MUSAAT, mutua de seguros a prima fija, a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo, por un importe de 16.898,58 euros/ano.

A duración do contrato será de un ano, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 01 de marzo de 2021, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición; neste caso, concretase ás 00.00 horas do día 1 de marzo de 2021 ao ser a data de vencemento da póliza vixente para as continxencias deste PCAP. O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, podendo prorrogarse ata en tres ocasións , sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 12:33 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: EXP2021CON_02/000003 á



MUSAAT, mutua de seguros a prima fija, a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo, por un importe de 16.898,58 euros/ano.

APLICACIÓN	IMPORTES
9200.224 (Administración Xeral, Primas de Seguros)	16.898,58 euros

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º. A duración do contrato será de un ano, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 01 de marzo de 2021, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición; neste caso, concretase ás 00.00 horas do día 1 de marzo de 2021 ao ser a data de vencemento da póliza vixente para as continxencias deste PCAP. O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, podendo prorrogarse ata en tres ocasións, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

4º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas.

Lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza.

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14 de maio de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H4XRZLXWTYTGD2Q5RMEYEME².

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV: IV7H4XZ6LEBIJDPKANVW6BLEGQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GEK3LL5E5VWMT5XU4IUPOGM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H4PXCEAOSLTMDANPR547VD4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H4P3PYFU2X2R32UPAKRAUE4.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7H5QDCJEX2L5OZ475DIUQ6EU.

Acordo da Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H5XLKB4HKZFO4S4O4F3RD4A.

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Acta da Mesa de Contratación do día 9 de abril de 2021, con CSV IV7HEYJZH4I, que acordou o seguinte:

“1.- Excluir á licitadora Innova Monforte, S.L., por revelar parcialmente o contido da oferta, vulnerando a obriga de manter o secreto das proposicións ata o momento da apertura das mesmas (artigo 139 da LCSP).

2.- Requerir, polo Servizo de Contratación, con prazo de tres días hábiles, as seguintes aclaracións e subsanacións:

Á licitadora Textiles Jafepama 2000,S.L. (lote 5 cortinaxes), que aclare se a última presentación se corresponde coa súa proposición para o procedemento, posto que na lista de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público, dita razón social figura en dous momentos distintos.

Á licitadora Alarsa Hostelera S.L. (lote 3 lavandaría), no que se refire ao apartado 16 do Anexo I, relativo á “información básica sobre a protección dos seus datos”, para que o presente correctamente.

Á licitadora Alumat accesorios, S.L. (lote 5 cortinaxe), no que se refire ao apartado 13 do Anexo I, relativo á obriga imposta polo artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo, de Igualdade para mulleres e homes, ás empresas que contén con máis de 250 traballadores, para que o presente correctamente.

Á licitadora Social Mobel S.L. (lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas), no que se refire aos apartados 14, 15 e 16 do Anexo I, para que os presente correctamente.

3.- En canto ao Lote 1 mobiliario xeral, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Galmedica S.L. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

4.- En canto ao lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	100,00
2	COTELGA S.L.	73,42

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Acta da Mesa de Contratación do día 16 de abril de 2021, con CSV IV7HFUJOP7VD6TJPCJYEDYTU5Y, que acordou o seguinte:

“1.- En canto ao Lote 5 Cortinaxes, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Arteblamel S.L., Rafitextil DTT e Visual Project Management SL.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

2.- En canto ao Lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SOCIAL MOBEL	100
2	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	99,56
3	DMS S.L.	79,40

Requirir á empresa Social Mobel S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

3.- En canto ao Lote 3 lavandería:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:



Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	ALARSA HOSTELERA S.L.	100
2	MARIÑA CLIMA	76,51

Requirir á empresa Alarsa Hostelera S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Acta da Mesa de contratación celebrada en data 3 de maio de 2021, con CSV: IV7EU2BMFEN63SZKVQXM6PX6EI, na que se acordou o seguinte:

“Lote 1 mobiliario xeral:

1º.- Excluir a proposta presentada pola empresa Galmedica S.L., asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7HGPXLEEHR66YW7QECJRTCU.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INDUSTRIAS HIDRAULICAS PARDO S.L.	88,33
2	CAFESA DIVISIÓN COMERCIAL S.L.	87,11
3	ILUNION SALUD SAU	84,11
4	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS S.L.U.	82,78
5	EL CORTE INGLÉS, S.A.	82,48
6	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	79,26
7	ASMOBEL S.A.	78,12

3º.- Requirir á empresa Industrias Hidraulicas Pardo S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima

do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 5.237,95 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Lote 5 cortinaxe

1º.- Excluír as propostas presentadas polas empresas Rafitextil DTT 3.8, S.L. e Visual Project Management, S.L., asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7HGPXLEEHR66YW7QECJRTCU.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.-Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	ARTEBLAMEL S.L.	81,57
2	MP DICLESA S.L.	69,64
3	TEXTIL CONTRACT DEVELOPMENT SLU	68,41
4	TEXTILES JAFEPAMA 2000	57,58
5	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS SLU	55,23
6	CAFESA DIVISIÓN COMERCIAL S.L.	46,64
7	PAZ DISMAC S.L.	45,16
8	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	44,98
9	ALUMAT ACCESORIOS S.L.	26,46



3º.- Requerir á empresa Arteblamel S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 594,72 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 14 de maio de 2021, acorda o seguinte:

Reunida a Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que as licitadoras mellor valoradas nos lotes 2, 3 e 4 presentaron na Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa en sesión de 16 de abril de 2021.

A continuación, previo exame da documentación presentada, relaciónase a documentación, entendendo que está presentada correctamente segundo o recollido no art. 150.2 LCSP e na cláusula décimo sétima do PCAP, xa que aos membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a documentación que o integra, polo que ao non facer observacións algunha neste sentido enténdese correctamente presentada, salvo o seguinte:

Documentación a emendar pola empresa Alarsa Hostelera S.L. (lote 3 lavandaría):

A empresa Alarsa Hostelera S.L. presentou declaración responsable de “no estar en quiebra”, polo que debe presentar certificado do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade:

Requirir á empresa Alarsa Hostelera S.L. a subsanación do certificado do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Social Mobel S.L., con CIF B37518685, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas) por un importe de 23.711,00 euros aos que se engadirán 4.979,31 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 28.690,31 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

Adxudicar á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., con CIF B15213911, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza) por un importe de 12.109,79 euros aos que se engadirán 2.543,06 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 14.652,85 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Social Mobel S.L., con CIF B37518685, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas técnicas) por un importe de 23.711,00 euros aos que se engadirán 4.979,31 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 28.690,31 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

2º.- Adxudicar á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., con CIF B15213911, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira (Lote 4 pequenos electrodomésticos e material de limpeza) por un importe de 12.109,79 euros aos que se engadirán 2.543,06 € en concepto de IVE, o que ascende a un total de 14.652,85 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- O prazo máximo de entrega é de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

6º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

7º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

8º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROXECTO E CONTRATACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: A PASTORIZA- CASTRO DE REI- COSPEITO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4401 “Pastoriza (LU-122)-Reigosa-Muimenta (LU-120)”, P.K. 0+000 a 10+925.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A PASTORIZA-CASTRO DE REI-COSPEITO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4401 “Pastoriza (LU-122)-Reigosa-Muimenta (LU-120)”, P.K. 0+000 a 10+925, consta no mesmo:

Proxecto da obra A PASTORIZA-CASTRO DE REI-COSPEITO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4401 “Pastoriza (LU-122)-Reigosa-Muimenta (LU-120)”, P.K. 0+000 a 10+925, con CSV: IV7EVQINCA5CRKJDRQ4HKU3P6M.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EVQICLPZLNJZHNSUFVOJSENY.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7EVQIDF7Z6TT6PSBONDZAT5Y.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7EVQICDRHT7KVI6YMEIYSHFY.



Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EVWSK LX54JGXDVQWBM7ZVAU.

Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EVUA6FJU ZTD6T64FE4ZCOIU.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EVUA4BRX2T7ZDQR55GEAT4I.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: A PASTORIZA-CASTRO DE REI-COSPEITO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4401 “Pastoriza (LU-122)- Reigosa- Muimenta (LU-120)”, P.K. 0+000 a 10+925, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 362.333,05 €, dos cales 62.884,25 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Taboada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 294 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Taboada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (294) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).



Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adjudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adjudicación.

O Concello de Taboada presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
TABOADA	294	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN MOSTEIRO, PISTA DAS RIBEIRAS, PISTA DAS RIBEIRAS-FRIAMONDE, CARBALLAL, ARXIZ E CARBALLÓS	1531.76201	33.097,25€

Por escrito data 10/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma

finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TABOADA	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS DE CAMIÑO XUNCAL, MOREDA DE ARRIBA-EIREXE, TABOADA DOS FREIRES-IGLESIA, SERÉN E PEDROUZOS	1531.76201	--	33.097,25€	33.097,25€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Taboada, no Plan único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Taboada e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
TABOADA	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS DE CAMIÑO XUNCAL, MOREDA DE ARRIBA-EIREXE, TABOADA DOS FREIRES-IGLESIA, SERÉN E PEDROUZOS	1531.76201	--	33.097,25€	33.097,25€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Palas de Rei, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 190-191-195 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Palas de Rei, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (190-191-195) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Palas De Rei presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PALAS DE REI	190	ACONDICIONAMENTO ACCESOS EN VILLAMOUREL	1531.76201	8.207,02€
PALAS DE REI	191	FORMIGONADOS EN COENCE	1531.76201	50,00€
PALAS DE REI	195	AGLOMERADO EN XANCÍS	1531.76201	200,00€

Por escrito de data 10/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma



finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PALAS DE REI	REM	FORMIGONADO EN SRRIBAS-ALBÁ	1531.76201	0,88€	8.457,02€	8.457,90€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Palas de Rei, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Palas de Rei e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PALAS DE REI	REM	FORMIGONADO EN SRRIBAS-ALBÁ	1531.76201	0,88€	8.457,02€	8.457,90€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Escrito do Concello de Portomarín, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 240-241 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Portomarín, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (240-241) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.



Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adjudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adjudicación.

O Concello de Portomarín presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PORTOMARÍN	240	PAVIMENTACIÓN VIAL SIXÓN-VILARBASIN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	6.926,04€
PORTOMARÍN	241	PAVIMENTACIÓN VIAL O VILAR-VILAXUSTE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	2.743,14€

Por escrito de data 11/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PORTOMARÍN	REM	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE PEDROUZOS	1531.76201	--	9.669,18€	9.669,18€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Portomarín, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Portomarín e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificando nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PORTOMARÍN	REM	PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO DE PEDROUZOS	1531.76201	--	9.669,18€	9.669,18€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Cuarta.- *Escrito do Concello de Pedrafita do Cebreiro, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 223 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (223) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PEDRAFITA DO CEBREIRO	223	CLORACIÓN AUTOMÁTICA E CONTROL REMOTO DOS DEPÓSITOS DE O ROXAL, O TEIXO E O CEBREIRO	1610.76201	7.580,25€

Por escrito de data 13/05/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA CONTROL DE DEPÓSITOS DE AUGA MUNICIPAIS	1610.76201	--	4.840,00€	4.840,00€
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA TRÁIDA DE AUGAS MUNICIPAIS	1610.76201	--	2.740,25€	2.740,25€



Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Pedrafita do Cebreiro, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pedrafita do Cebreiro e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA CONTROL DE DEPÓSITOS DE AUGA MUNICIPAIS	1610.76201	--	4.840,00€	4.840,00€
PEDRAFITA DO CEBREIRO	REM	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA TRAÍDA DE AUGAS MUNICIPAIS	1610.76201	--	2.740,25€	2.740,25€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIONES DE INVERTEMENTOS DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Palas de Rei, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Palas de Rei no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVERTEMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PALAS DE REI	201	FORMIGONADOS EN PAZO DO MONTE E SAN MARTÍÑO (2ª FASE)	--	17.000,00€	17.000,00€
PALAS DE REI	203	FORMIGONADOS EN MEIXIDE, SAN XORXE, CUNETAS EN CODESEDA E MURETE EN ERMORA	--	17.000,00€	17.000,00€



O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV, relativos á adxudicación.

A Alcaldía do Concello de Palas de Rei a través de escrito de data 10/05/2021 solicita:

A modificación/substitución dos investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 201-203, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... advírtese erro en canto ao custo total de dous proxectos incluídos, nas cantidades que debe aportar o concello e a Deputación...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PALAS DE REI	201	FORMIGONADOS EN PAZO DO MONTE E SAN MARTIÑO (2ª FASE)	0,33	17.000,27€	17.000,60€
PALAS DE REI	203	FORMIGONADOS EN MEIXIDE, SAN XORXE, CUNETAS EN CODESEDA E MURETE EN ERMORA	--	16.999,73€	16.999,73

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “...

calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución dos investimentos relativos ao Concello de Palas de Rei que se sinalan, e que quedan incluídos así no Plan Único 2021.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Palas de Rei, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
PALAS DE REI	201	FORMIGONADOS EN PAZO DO MONTE E SAN MARTIÑO (2ª FASE)	0,33	17.000,27€	17.000,60€
PALAS DE REI	203	FORMIGONADOS EN MEIXIDE, SAN XORXE, CUNETAS EN CODESEDA E MURETE EN ERMORA	--	16.999,73€	16.999,73



2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Primeiro.- Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 25.963,48.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

ACREEDOR	Nº FRA	DATA FRA	IMPORTE	OBXECTO GASTO	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZ.	CONCEPTO/ADO
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU30 2021	05/01/2021	72.10 €	Filtro habitáculo Renault Clio 6121-LCT. 2021/FAC01/131	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1181
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU372 2021	15/02/2021	201.10 €	Mantemento Renault Clio 6122-LCT. 2021/FAC01/606	SUBM.	FEBREIRO2021	9201.214 92021/2041
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU209 2021	26/01/2021	188.99 €	Mantemento Renault Clio 6129-LCT. 2021/FAC01/361	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1615
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU168 2021	19/01/2021	183.62 €	Mantemento Renault Clio 6131-LCT. 2021/FAC01/281	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1304
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU400 2021	18/02/2021	244.95 €	Mantemento Renault Clio 6118-LCT. 2021/FAC01/607	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.214 92021/2043
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU210 2021	26/01/2021	188.99 €	Mantemento Renault Clio 6120-LCT. 2021/FAC01/362	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1616

ACREEDOR	Nº FRA	DATA FRA	IMPORTE	OBJECTO GASTO	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZ.	CONCEPTO/ADO
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU370 2021	15/02/2021	57.14 €	Mantenimento Dacia Duster 3668-LCS 2021/FAC01/605	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.214 92021/2040
FINANZAUTO, S.A.	0200027565	19/02/2021	19.329,76€	Reparación Oruga. 2021/FAC01/580	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.213 92021/2226
FERGIL AUTO, S.L.U	EMIT-12118382	29/01/2021	627,48 €	Mantenimento vehículo Mitsubishi Montero 7628-KDB. 2021/FAC01/366	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1734
RECAMBIO FRAIN, S.L.	2021V-CR-487647	31/01/2021	71.91 €	Pezas para mantemento e reparación de vehículos e maquinaria 2021/FAC01/406	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1735
IGNACIO DOCANDO TELJEIRO	21/00270	30/01/2021	945,81 €	Suministro para reparación de vehículos. 2021/FAC01/448	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1770
IGNACIO DOCANDO TELJEIRO	21/00272	30/01/2021	71.87 €	servizos para reparación da maquinaria da Granxa. 2021/FAC01/449	SERV.	XANEIRO 2021	4120.213 92021/1924
LUCUSCAR, S.L.	T2100027	21/01/2021	494,12 €	Mantenimento dun vehículo. 2021/fac01/342	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1530
FINANZAUTO, S.A.	0090714894	15/01/2021	56.22 €	Pezas para a reparación da máquina E-8711-BGD. 2021/FAC01/239	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1296
FINANZAUTO, S.A.	0090714895	15/01/2021	290.22 €	Pezas para a reparación da máquina E-8712-BGD. 2021/FAC01/240	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1299
FINANZAUTO, S.A.	0090714893	15/01/2021	10.70 €	Pezas para a reparación da máquina LU-84384-VE. 2021/FAC01/241	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1300
FINANZAUTO, S.A.	0090714896	15/01/2021	148.58 €	Pezas para a reparación das máquinas E-8711-BGD e E-8712-BGD. 2021/FAC01/242	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1301
HIERROS FERREIRO, S.L.	2120000043	15/01/2021	114.57 €	Pezas para o Taller do Parque Móbil. 2021/FAC01/316	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92021/1522
RECAMBIO FRAIN, S.L.	2021V-CR-485682	15/01/2021	1.242,79 €	Pezas para mantemento e reparación de vehículos e maquinaria 2021/FAC01/274	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1303
TORRES Y SAEZ DISTRIBUCION, S.A.	L3 47	15/01/2021	273.90 €	Subministro de sinais. 2021/FAC01/264	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1302
TORRES Y SAEZ DISTRIBUCION, S.A.	L3 187	30/01/2021	646.35 €	Subministro de materiais. 2021/FAC01/358	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1532
RECAMBIO FRAIN, S.L.	2021V-CR-487681	31/01/2021	413.14 €	Pezas para o taller. 2021/FAC01/503	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1736
FINANZAUTO, S.A.	0090717456	29/01/2021	89.27 €	Transmisión para reparar unha máquina. 2021/FAC01/339	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1528

TOTAL: 25.963,48 €.

Vista/s memoria/s xustificativa/s emitidas polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais

Visto/s informe/s do Servizo de Contratación e Fomento

Visto/s informe/s de Intervención



Vista/s Resolucións/es da Presidencia de data/s 10/05/2021. na/s que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 25.963,48 € segundo a base 20.2 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propondo o pagamento da/s seguinte/s factura/s, por un importe total de 25.963,48 €.

ACREEDOR	Nº FRA	DATA FRA	IMPORTE	OBXECTO GASTO	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZ.	CONCEPTO/ADO
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU30 2021	05/01/2021	72.10 €	Filtro habitáculo Renault Clio 6121-LCT. 2021/FAC01/131	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1181
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU372 2021	15/02/2021	201.10 €	Mantemento Renault Clio 6122-LCT. 2021/FAC01/606	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.214 92021/2041
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU209 2021	26/01/2021	188.99 €	Mantemento Renault Clio 6129-LCT. 2021/FAC01/361	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1615
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU168 2021	19/01/2021	183.62 €	Mantemento Renault Clio 6131-LCT. 2021/FAC01/281	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1304
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU400 2021	18/02/2021	244.95 €	Mantemento Renault Clio 6118-LCT. 2021/FAC01/607	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.214 92021/2043
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU210 2021	26/01/2021	188.99 €	Mantemento Renault Clio 6120-LCT. 2021/FAC01/362	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1616
CAETANO FORMULA GALICIA, S.L.	TU370 2021	15/02/2021	57.14 €	Mantemento Dacia Duster 3668-LCS 2021/FAC01/605	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.214 92021/2040
FINANZAUTO, S.A.	0200027565	19/02/2021	19.329,76€	Reparación Oruga. 2021/FAC01/580	SUBM.	FEBREIRO 2021	9201.213 92021/2226
FERGIL AUTO, S.L.U	EMIT-12118382	29/01/2021	627,48 €	Mantemento vehículo Mitsubishi Montero 7628-KDB. 2021/FAC01/366	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1734
RECAMBIOS FRAIN, S.L.	2021V-CR-487647	31/01/2021	71.91 €	Pezas para mantemento e reparación de vehículos e maquinaria 2021/FAC01/406	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1735
IGNACIO DOCANDO TELJEIRO	21/00270	30/01/2021	945,81 €	Suministro para reparación de vehículos. 2021/FAC01/448	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1770
IGNACIO DOCANDO TELJEIRO	21/00272	30/01/2021	71.87 €	Servizos para reparación da maquinaria da Granxa. 2021/FAC01/449	SERV.	XANEIRO 2021	4120.213 92021/1924
LUCUSCAR, S.L.	T2100027	21/01/2021	494,12 €	Mantemento dun vehículo. 2021/fac01/342	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.214 92021/1530
FINANZAUTO, S.A.	0090714894	15/01/2021	56.22 €	Pezas para a reparación da máquina E-8711-BGD. 2021/FAC01/239	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1296
FINANZAUTO, S.A.	0090714895	15/01/2021	290.22 €	Pezas para a reparación da máquina E-8712-BGD. 2021/FAC01/240	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1299
FINANZAUTO, S.A.	0090714893	15/01/2021	10.70 €	Pezas para a reparación da máquina LU-84384-VE. 2021/FAC01/241	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1300
FINANZAUTO, S.A.	0090714896	15/01/2021	148.58 €	Pezas para a reparación das máquinas E-8711-BGD e E-8712-BGD. 2021/FAC01/242	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1301

ACREEDOR	Nº FRA	DATA FRA	IMPORTE	OBXECTO GASTO	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZ.	CONCEPTO/ADO
HIERROS FERREIRO, S.L.	2120000043	15/01/2021	114.57 €	Pezas para o Taller do Parque Móbil. 2021/FAC01/316	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92021/1522
RECAMBIOS FRAIN, S.L.	2021V-CR-485682	15/01/2021	1.242,79 €	Pezas para mantemento e reparación de vehículos e maquinaria 2021/FAC01/274	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1303
TORRES Y SAEZ DISTRIBUCION, S.A.	L3 47	15/01/2021	273.90 €	Subministro de sinais. 2021/FAC01/264	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1302
TORRES Y SAEZ DISTRIBUCION, S.A.	L3 187	30/01/2021	646.35 €	Subministro de materiais. 2021/FAC01/358	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1532
RECAMBIOS FRAIN, S.L.	2021V-CR-487681	31/01/2021	413.14 €	Pezas para o taller. 2021/FAC01/503	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.22111 92021/1736
FINANZAUTO, S.A.	0090717456	29/01/2021	89.27 €	Transmisión para reparar unha máquina. 2021/FAC01/339	SUBM.	XANEIRO 2021	9201.213 92091/1528

TOTAL 25.963,48 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- Informe- proposta de validación do gasto do Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido por importe de 15.350€.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona, a cal foi conformada polo representante do Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

FAV-20100-005244

Importe bruto: 15.350€

Total importe bruto antes de impostos: 15.350€

Total impostos repercutidos: 3.223,50€

TOTAL: 18.573,50€



Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Xestión tributaria, Recadación e Inspección, manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 10/05/2021 na que se aproba que continue o procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 18.573,50€ segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas, o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesa.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a/s obriga/s e propondo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 18.573,50€.

TOTAL: 18.573,50€”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o plan de Seguridade e Saude da obra que se indica, presentado por o contratista adjudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saude nas obras de construción, e informes

emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos Técnicos desta Excm. Deputación, o Diputado Delegado que suscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratista, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

Obra da que se aproba o Plan de Seguridade e Saude:

Obra: Acondicionamiento LU-P-0210 “A Seara (LU-160)- San Acisclo (LU-152A)”, P.K. 5+100 a 5+236.

Contratista: TA Isidro Hnos. Blanco Trigo SL”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ENCARGO DESTA DEPUTACIÓN AO SEU MEDIO PROPIO PERSONIFICADO E SERVIZO TÉCNICO, EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), PARA A REALIZACIÓN DO SERVIZO DE TAREFAS DE ROZA NAS PARCELAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE OS ACIVROS (CHANTADA).

Logo de ver a proposta do Sr. Diputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo, acordou, adoptar, en calidade de socio único da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA), os seguintes acordos:

“ (...)



* Dispoñer que, no referente aos convenios suscritos entre a Sociedade Urbaniística Provincial de Lugo (SUPLUSA), a Deputación Provincial de Lugo e diversos Concellos da provincia, estarase ao disposto na Disposición Adicional 8ª da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ao propio clausulado de ditos convenios.

* Dispoñer que a forma de xestión do servizo, de acordo co informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, con data 19 de novembro de 2020, continúe a ser a que se viña prestando na actualidade, de xestión directa, de conformidade co disposto no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.”

Polo exposto anteriormente e tras ver a memoria técnica asinada polo xefe de sección de medio ambiente co obxectivo de poder levar un correcto mantemento silvícola das parcelas que compoñen o Parque Industrial de “Os Acivros” sito en Chantada, cómpre a realización de traballos de roza para garnter o correcto desenvolvemento silvícola deste Parque Industrial.

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adjudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Que a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

Notar que TRAGSA, é medio propio da Deputación de Lugo, dende a formalización o 17.12.2019 da compra dunha acción da citada entidade.

Que no punto 4 da citada Disposición Adicional 24ª da LCSP sinálase que as sociedades do Grupo TRAGSA, prestarán, entre outras, as funcións de realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos, a condición de que non impliquen o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos e a realización de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos agrícolas, gandeiros, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e ambiental, de acuicultura e de pesca, así como os levar a cabo a realización de todo tipo de actuacións para a mellora dos servizos e recursos públicos (...).

Así mesmo, TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC estarán obrigadas a participar e actuar, por encargo das entidades do sector público das que son medios propios personificados, en tarefas de emerxencia e protección civil de todo tipo, en especial, a intervención en catástrofes ambientais ou en crises; a desenvolver tarefas de prevención de riscos e emerxencias de todo tipo; e a realizar actividades de formación e información pública en supostos de interese público e, en especial, para a prevención de riscos, catástrofes ou emerxencias.

No mesmo senso, o Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E., M. P. (TRAGSA) e das súas filial Tecnoloxías e Servizos Agrarios, S.A., S. M.E., M. P. (TRAGSATEC), establece no seu artigo 3, que as Deputacións, entre outros, poderán conferir encargos a TRAGSA ou á súa filial TRAGSATEC sobre os traballos e actividades que, atopándose dentro do marco funcional dos apartados 1, 4 e 5 da disposición adicional vixésima cuarta da LCSP, e do obxecto social das mesmas, precisen para o exercicio das súas competencias e funcións, así como os que resulten complementarios ou accesorios, de acordo co réxime establecido neste real decreto.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

Vista a Memoria do Servizo de Medio Ambiente de 5 de novembro, no cal se informa que:



“(…)

Considérase urxente, necesario e imprescindible , garantir o correcto mantemento silvícola da zona de referencia a realización das traballos de roza para prever a posible propagación de lumes de que poderían acaecer neste lugar

Visto que se trata dun traballo que presenta certa urxencia e consta orzamento detallado da Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. para a realización de tarefas de roza no Polígono industrial de “Os Acivros”, sito en Chantada, por importe de 919,52 €.

Visto que existe consignación orzamentaria para poder ordenar o encargo á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. para a realización de tarefas de roza no Polígono industrial de “Os Acivros”, sito en Chantada, por importe de 919,52 €.

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Realizar o encargo ao medio propio para a realización de tarefas de roza nas parcelas do polígono industrial de “Os Acivros”. Chantada.

2º.- De acordo coa certificación emitida por TRAGSA, o importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% da contía do encargo, sendo a porcentaxe estimada para este encargo dun 10%.

3º.- A factura para o pagamento dos traballos encargados expediranse por medios electrónicos, de conformidade co establecido na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público. So se emitirá unha factura ao remate das prestacións que abonarase logo de informe favorable ou conformidade do responsable da encomenda. A facturación efectuarase mediante a presentación dunha factura no que se desagreguen os traballos, tal e como se recolle no orzamento aprobado.

4º.- O encargo dos servizos e traballos definidos a TRAGSA non implicará delegación ou renuncia de competencia algunha propia da Deputación Provincial de Lugo.

5º.- Para a supervisión, control administrativo e seguimento dos traballos encomendados désígnase por parte da Deputación Provincial de Lugo o Xefe de Sección de Medio Ambiente, e por parte de TRAGSA a Emilio José Pardo Álvarez, que poderán ser substituídos polo simple escrito da parte que lles designou.

6º.- O presente encargo poderá modificarse de maneira executiva pola Deputación Provincial de Lugo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, nos termos legalmente previstos e sen prexuízo do resarcimento a TRAGSA dos compromisos que puidese adquirir para a súa correcta execución tal como estaba definida con anterioridade á súa modificación.

7º.- O presente encargo poderá finalizar anticipadamente por razóns de interese público, mediante resolución da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo da continuidade daquelas actuacións que se atopasen en execución no momento da resolución, e da súa liquidación.

8º.- Dar traslado deste acordo a Intervención Provincial e ao Servizo de Contratación e Fomento e ao medio propio (TRAGSA).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 20 de novembro de 2020, onde se resolveu o concurso convocado,



mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 273, do venres 27 de novembro de 2020, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2020.

Propoño

Que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excm. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Que consta no respectivo expediente solicitude de renuncia.

Categoría	Nome entidade	CIF	Nome actividade	Subvención
Actividade competitiva 2020	Club Deportivo Ego Barros	G27212968	Atletismo	1.805,00 euros

Que de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, procede aceptar de plano as mencionadas renuncias polos importes indicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES REGULADORAS PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL INTERINO PARA O DESEMPEÑO DE POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL EN ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE LUGO (SECRETARÍA-INTERVENCIÓN, SECRETARÍA CATEGORÍA DE ENTRADA, E INTERVENCIÓN- TESOURARÍA CATEGORÍA DE ENTRADA).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a proposta de data 21/05/2021, do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, xunto co expediente da súa razón, na que se sinala:

“(…)

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación, reunida en sesión ordinaria o día 14 de maio do 2021, aprobáronse as bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría-Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención- Tesouraría categoría de entrada).

E na mesma sesión, aprobouse tamén a convocatoria para a selección de dito persoal e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios desta Deputación, por un período de 15 días.

Segundo.- Posteriormente, dende este Servizo, detectáronse os seguintes erros nas mencionadas bases:

No artigo 4.4:

Onde dí:

“O prazo de presentación será de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Debería dicir:

“O prazo de presentación será de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

No artigo 8.II:

Onde dí:

“Valoraranse os exercicios dos procesos selectivos superados que, a continuación, se relacionan, de acordo co seguinte baremo:



a) Pola superación de exercicios do último proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 10 puntos por exercicio superado.

b) Pola superación de exercicios do penúltimo e antepenúltimo proceso selectivo oncluido para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 5 puntos por exercicio superado.

c) Pola superación de exercicios a persoal funcionario da Administración local, pertencentes ao Grupo A1, Técnico/a de Administración Xeral, nos últimos tres anos: 3 puntos por exercicio superado.

A puntuación máxima por este epígrafe será de 20 puntos.”

Debería dicir:

“Valoraranse os exercicios dos procesos selectivos superados que, a continuación, se relacionan, de acordo co seguinte baremo:

a) Pola superación de exercicios do último proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 10 puntos por exercicio superado.

b) Pola superación de exercicios do penúltimo e antepenúltimo proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 5 puntos por exercicio superado.

A puntuación máxima por este epígrafe será de 20 puntos.”

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta o estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propónse:

A aprobación da corrección dos erros nas bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría-Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención-Tesouraría categoría de entrada), relacionados no punto “Segundo” desta Proposta.”

E visto informe xurídico da Secretaría Xeral Adxunta, coa conformidade da Secretaria Xeral, de data 21/05/2021, no que se relaciona o seguinte:

“(…)

Normativa aplicable

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da comunidade autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal.

Consideracións xurídicas

Primeira.- Con data 21/05/2021, emitiuse proposta dende o Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, para a aprobación da corrección de erros nas bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría-Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención-Tesouraría categoría de entrada), aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 14/05/2021.

Segunda.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que:



“As Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Conclusión

Tendo en conta os antecedentes relacionados, e as consideracións xurídicas realizadas, infórmase favorablemente a corrección de erros nas bases, proposta polo Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, procedendo continuar coa tramitación do expediente, para a súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno.”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección dos seguintes erros nas bases reguladoras para a selección do persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional en entidades locais da provincia de Lugo (Secretaría-Intervención, Secretaría categoría de entrada, e Intervención- Tesouraría categoría de entrada):

No artigo 4.4:

Onde dí:

“O prazo de presentación será de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

Debe dicir:

“O prazo de presentación será de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

No artigo 8.II:

Onde dí:

“Valoraranse os exercicios dos procesos selectivos superados que, a continuación, se relacionan, de acordo co seguinte baremo:

a) Pola superación de exercicios do último proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 10 puntos por exercicio superado.

b) Pola superación de exercicios do penúltimo e antepenúltimo proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 5 puntos por exercicio superado.

c) Pola superación de exercicios a persoal funcionario da Administración local, pertencentes ao Grupo A1, Técnico/a de Administración Xeral, nos últimos tres anos: 3 puntos por exercicio superado.

A puntuación máxima por este epígrafe será de 20 puntos.”

Debe dicir:

“Valoraranse os exercicios dos procesos selectivos superados que, a continuación, se relacionan, de acordo co seguinte baremo:

a) Pola superación de exercicios do último proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 10 puntos por exercicio superado.

b) Pola superación de exercicios do penúltimo e antepenúltimo proceso selectivo concluído para corpos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional da correspondente subescala: 5 puntos por exercicio superado.

A puntuación máxima por este epígrafe será de 20 puntos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.